



PRESENTACIÓN MATERIA

MATERIA	XARDÍN BOTÁNICO	CURSO	2º Bacharelato
CURSO ACADÉMICO	20-21	PROFESOR	PABLO FERNÁNDEZ ZAPATA

APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS DO CURSO 2019-2020. BLOQUE 1

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
--	

CONTIDOS ACTUAIS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 2

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> Os xardíns botánicos. Que son? Para que serven? O noso xardín A web do xardín botánico do IES A Pinguela 	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece a necesidade dos xardíns botánicos Valora o xardín botánico do IES A Pinguela como recurso didáctico Manexa con habilidade a contorna da páxina web do Xardín do IES A pinguela
<ul style="list-style-type: none"> Os bosques ibéricos 	<ul style="list-style-type: none"> Coñece os principais bosques na península ibérica Recoñece as especies mais representativas dos nosos bosques Valora a importancia do respecto e conservación do bosque
<ul style="list-style-type: none"> As árbores do noso xardín. As plantas aromáticas. Utilidade 	<ul style="list-style-type: none"> Coñece as principais especies arbóreas e arbustivas do xardín Diferencia as principais plantas aromáticas do xardín e a súa utilidade
<ul style="list-style-type: none"> As bioinvasiones. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñece as principais plantas invasoras e os danos que causan na natureza
<ul style="list-style-type: none"> Determinación de especies 	<ul style="list-style-type: none"> Manexa con soltura claves dicotómicas e guías de plantas

<ul style="list-style-type: none"> ▪ O herbario 	Fai un herbario do xardín
<ul style="list-style-type: none"> ▪ As flores. Tipos, estrutura e función. A polinización ▪ As sementes e os froitos. Tipos , estrutura e función. A dispersión das sementes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece as partes dunha flor ▪ Entende o mecanismo de polinización ▪ Identifica os froitos das árbores do xardín
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Os fungos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Valora a importancia dos fungos Identifica os principais fungos do xardín e as súas características
<ul style="list-style-type: none"> ▪ As enfermidades nas plantas. Parasitos nas nosas árbores 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece os problemas das pragas ▪ Identifica as pragas nas especies do xardín
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elaboración de fichas de especies para a web do xardín. ▪ Fotografías dos exemplares do xardín ▪ Elaboración de material didáctico do xardín 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elabora fichas e as colga na web do xardín ▪ Fotografía exemplares do noso xardín Actividades e unidades didácticas sobre o xardín
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Preparación do xardín para o cultivo de exemplares de interese 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ É capaz de plantar novos exemplares Realiza tarefas de mantemento
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Os solos. Estrutura e importancia ▪ O solo do xardín: análise e caracterización 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece as partes dun solo ▪ Valora a importancia do solo para o ecosistema ▪ Realiza prácticas sinxelas de laboratorio de análise de solos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ A estación meteorolóxica do IES A Pinguela. Funcionamento. Recollida e análise de datos. Interpretación de resultados. ▪ Realización de informes 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece os diferentes aparatos de medida da estación meteorolóxica ▪ Toma sistemática de datos ▪ Analiza e interpreta os resultados obtido. ▪ Realiza informes científicos



CRITERIOS, ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

CRITERIOS

- Coñecer a importancia dos xardíns botánicos
- Valorar a necesidade de manter o noso xardín como recurso didáctico
- Desenvolverse con soltura na páxina web do noso xardín botánico
- Identificar as principais características dos bosques ibéricos
- Coñecer as especies de árbores e arbustos do noso xardín
- Valorar a importancia das invasións vexetais na destrución dos nosos bosques
- Determinar con claves dicotómicas e guías as especies do xardín.
- Realizar un herbario do xardín
- Identificar os tipos de flores e as súas partes.
- Coñecer o mecanismo de polinización
- Recoñece os diferentes froitos das especies do xardín
- Analizar as relacións dos fungos coas plantas
- Coñecer os principais fungos que hai no xardín
- Valorar a importancia das pragas
- Coñecer os principais parasitos das nosas árbores
- Elaborar fichas de especies para a web do xardín
- Fotografiar exemplares do xardín
- Diseñar e elaborar materias didácticos tanto en papel como en soporte dixital sobre o noso xardín

- Realizar traballos de preparación e mantemento do xardín.
- Coñecer a estrutura do solo e a súa importancia
- Realizar análises sinxelos de parámetros físico-químicos do solo.
- Saber utilizar os diferentes instrumentos de medida da nosa estación meteorolóxica
- Analizar e interpretar os datos obtidos nos diferentes instrumentos de medida.
- Realizar informes científicos cos resultados obtidos

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS

- Seguimento das actividades realizadas polos alumnos
- Observación sistemática e rexistro das tarefas mediante fichas do alumnado
- Determinación de novas especies do noso Xardín.
- Realización de fichas das árbores e arbustos.
- Actividades realizadas polos alumnos.
- Traballos de investigación.

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

Examen: 30%. Teranse en conta os coñecementos e a aplicación dos mesmos. As faltas de ortografía restarán 0'05 puntos

Traballo de campo: 40%. Valorarase a participación activa nas actividades no xardín botánico. Os datos serán recollidos na libreta do profesor mediante escalas de observación, rúbricas,...

Traballo na aula: 30%. Terase en conta todas actividades de aula, os seus coñecementos e a súa aplicacións, emprego de vocabulario científico, progresión, etc

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN FINAL

Consistirá nunha recuperación por avaliación (despois de Nadal e Semana Santa) e unha final en xuño só para os alumnos que non superaran nunha das avaliacións, ademais da extraordinaria de setembro. A recuperación, excepto en setembro (ver mais adelante), terá unha



ponderación igual que na avaliación e sumárase cada unha das notas das outras partes que obtivo na avaliación.

A nota final de Xuño ven dada pola media das tres avaliacións, tendo en conta os decimais de cada avaliación e redondeando se fora necesario. No caso de ter que redondear a nota será como sigue: 0.7 ou máis ponse a nota inmediata superior enteira e menos de 0.7 mantense a nota.

Poderase baixar a nota por mala actitude ante a materia ata 3 puntos/ avaliación.

PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

O exame extraordinario constará nunha serie de preguntas relacionadas con calquera aspecto da materia (teoría e/ou práctica) valoradas cada unha cun punto.

METODOLOXÍA

- **Presencial:**
Exposto no resto da programación.

- **Semipresencial:**

Seguirase a modalidade presencial para aquel grupo que asista a clase mentres que o grupo que permaneza na casa non participará de xeito simultáneo senón que terá a tarefa do día colgada na aula virtual para facer de xeito diferido. Cando os grupos cambien, poderanse solventar dúbidas e comentar os traballos co grupo que antes estaba na casa e viceversa.

A avaliación para esta modalidade será a mesma que para a presencial, aínda que o grupo enteiro poda non coincidir coas datas e horas das probas escritas. Nese caso farase unha proba lixeiramente distinta.

- **Non presencial:**

No caso de modalidade non presencial usaranse as seguintes ferramentas para facer o seguemento do alumnado:

- Correo electrónico.
- Aplicación de videoconferencia, por defecto usarase CiscoWebEx, pero chegado o caso, poderá modificarse.

Dependendo da dispoñibilidade en liña do alumnado, da súas posibilidades de conexión a internet e tamén da das do profesor adaptárase o horario de aulas online.

O traballo farase de forma telemática pero non necesariamente por videoconferencia simultánea, senón que se usarán as posibilidades das distintas ferramentas online para propoñer traballo de xeito asíncrono e axeitado ás posibilidades da situación concreta na que nos atopemos en cada momento.

En canto á avaliación nesta modalidade, manterase en xeral, agás no caso da proba escrita, que, de ser posible ser feita presencial farase presencial e, en caso de que non sexa posible, buscaranse xeitos de facela por escrito de maneira telemática, impondo unha hora de comezo e unha hora de fin ou, chegado o caso, se hai sospeitas da autoría da proba, mediante unha videoconferencia o chamada telefónica

Modelo acorde ao artigo 21 do capítulo IV relativo a avaliacións, promoción e titulación DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.